

PLAN DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2020/21

CEIP COUCEIRO FREIJOMIL



INTRODUCCIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Plan de Acollida”. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Como consecuencia da modificación das recomendacións e/ou normativas que guiaron a elaboración deste documento, este será obxecto de análise e adaptación en calquera momento do curso.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

1.-USO DE MÁSCARA.

O uso de máscara será obrigatorio para todo o profesorado, persoal non docente e alumnado de EP. O alumnado deberá utilizar **máscaras cirúrxicas ou hixiénicas**. Pola saúde de todos e todas é altamente recomendable que as máscaras ou os seus filtros estean homologados ou sigan a normativa correspondente. Deberán traer unha posta da casa e outra para cambiar logo de tomar a parva. A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade. Deberán traer outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá. A imposibilidade de uso de máscara deberá ser acreditada polo/a pediatra ou facultativo da persoa obrigada.

Recomendamos para o alumnado usuario do comedor un terceiro sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade.

O uso de máscara para o alumnado de EI é altamente recomendable. Pola saúde de todas e todos animamos ao seu uso, sendo nese caso, necesario traer unha máscara de recambio. A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade, así como outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá.

2.-ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

Os grupos cos que contaremos este ano son:

E. INFANTIL	
CURSO	Nº ALUMNOS/AS
4º INF. A	14
4º INF. B	15
5º INF. A	19
5º INF. B	17
6º INF. A	17
6º INF. B	18

E. PRIMARIA	
1º A	20
1º B	19
2º A	21
2º B	21

3º A	25
3º B	25
4º A	23
4º B	22
5º A	18
5º B	19
6º A	22
6º B	23

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**. O alumnado de cada grupo poderá relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables. En EP é obrigatorio, a pesar de formar grupos de convivencia estable, o uso de máscara. Como unha medida extra, procurarase que o alumnado estea distanciados o máximo posible, tal e como se recolle no Punto 3.1 das instrucións do 31 de Agosto do 2020.

En Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballárase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usárase a máscara, poren para o profesorado e o persoal non docente que tena contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

Será preciso desinfectar as mesas e cadeiras ao finalizar a xornada escolar. Ao entrar e ao saír da aula será preciso desinfectar as mans con xel hidroalcohólico.

A merenda da mañá tomarase dentro da aula. O profesorado responsable do grupo nese momento encargárase da limpeza de mans antes e despois e desinfectarase a superficie da mesa usada para a merenda.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas, recreos, comedor...

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

3.-ENTRADA E SAÍDAS:

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por iso, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna e será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo nin tarde. En canto o alumno/a entre ou saia, as persoas acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas. Recomendámosvos que evitedes que os/as acompañantes sexan persoas de risco. Apelamos á responsabilidade colectiva para que os grupos de convivencia estable teñan a maior efectividade posible.

Haberá profesorado de garda nos horarios de apertura de portas nos tres puntos de acceso.

IMPORTANTE: Só pode acceder ao recinto escolar un acompañante por alumno/a de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao recinto, agás que así fose solicitado polo persoal do centro ou para trámites administrativos no horario establecido.

- ENTRADA DE EP:

Entre as 8:30 e as 8:45h abriremos os dous portais que dan acceso ao peirao. O alumnado de 4º a 6º de EP entrará polo portal que está ao lado do pavillón da Casqueira e seguindo o camiño sinalado irá directamente á súa aula na que xa estará o profesorado tutor. O alumnado de 1º a 3º de EP entrará polo portalón principal do colexio polo camiño sinalado para EP. Seguindo as frechas irá ata a súa aula onde tamén estará o profesorado tutor agardando.

Tanto ao entrar no edificio como ao chegar a aula realizarase unha desinfección de mans con xel hidroalcohólico. A partir de 3º EP autonomamente, sendo verificada esta acción polo profesorado; e en 1º e 2º EP será o /a tutor/a o encargado de aplicalo.

IMPORTANTE: O alumnado de EP non poderá acceder ao recinto acompañado.

- ENTRADA DE EI

Ás 8:45h empezará a entrar o alumnado de 6ºEI no recinto a través do portalón principal polo camiño determinado para esta etapa e seguindo o sentido das frechas para entrar pola porta que dá acceso directamente ás súas aulas. A continuación entrará o alumnado de 5ºEI ás 8:50h e, ás 8:55h entrará o alumnado de 4ºEI.

Non entrará o seguinte nivel ata que o anterior non rematara. En caso de non poder entrar co seu grupo por falta de puntualidade, deberedes agardar a que rematen de entrar o resto dos cursos.

O alumnado de 4ºEI seguirá o horario establecido no plan de adaptación durante o mes de setembro.

- ALUMNADO TRANSPORTADO:

Por mor das obras no peirao, o transporte escolar parará provisionalmente na Avenida de Ferrol. Habrá profesorado de garda que velará para que o alumnado baixe e entre no centro ordenadamente e respectando a distancia de seguridade. Este alumnado terá prioridade á hora de entrar ao colexio. O alumnado de EI e de 1º, 2º e 3º EP baixa pola rúa da Galera para entrar pola porta que dá acceso a esta rúa. O alumnado de

infantil accederá pola porta que dá acceso ao seu corredor desde este acceso. O alumnado de 1º, 2º e 3º EP empregará a pasarela para acceder directamente ao corredor da primeira planta. O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP accederá ao centro polas escaleiras do pavillón, cruzando a pista de arriba. Logo baixarán pola escaleiras que unen coa pista inferior e entrarán por conserxería. Cruzarán a planta baixa polo corredor principal e accederán ás súas aulas polas escaleiras da biblioteca. Nos accesos ao centro terá prioridade o alumnado transportado.

- SAÍDAS

O alumnado de EDUCACIÓN INFANTIL sairá escalonadamente pola porta de EI no seguintes horarios por orde de lista. O primeiro día de clase comunicárase ás familias, a través da axenda, o número correspondente ao seu fillo/a.

CURSO	HORA DE SAÍDA
4º IA	13:05h
4ºIB	13:10h
5ºIA	13:15h
5º IB	13:20h
6º IA	13:25h
6ºIB	13:30h

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

A persoa que acuda a recoller ao neno/a deberá ubicarse no número de lista correspondente ao neno/a que estará pintado no chan. Cando recolla ao neno/a abandonará o recinto seguindo o camiño sinalado por frechas.

O alumnado de EDUCACIÓN PRIMARIA sairá escalonadamente nos seguintes horarios pola porta pola que entrou:

CURSO	HORA	PORTA DE SAÍDA
1ºA	13:35h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
1º B	13:35h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
2ºA	13:40h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
2ºB	13:40h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
3ºA	13:45h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
3ºB	13:45h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
4ºA	13:35h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
4º B	13.35h	Portal do pavillón (lateral esquerdo mirando ao mar)
5ºA	13:40h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
5ºB	13:40h	Portal do pavillón (lateral esquerdo mirando ao mar)
6ºA	13:45h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
6ºB	13:45h	Portal do pavillón (lateral esquerdo mirando ao mar)

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado.

- ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR:

O alumnado de El usuario de transporte será acompañado ás 13.40h pola súa titora á zona de filas de transporte ubicada no patio de EP. Cada neno/a colocase na liña de transporte correspondente onde estarán esperando os/as acompañantes deste servizo. Cada posto de espera estará sinalado cun punto, separados uns dos outros a un 1,5m.

Ás 13.45h o profesorado con garda de transporte axudará na vixilancia.

O alumnado de EP incorporase ás filas do transporte cando o seu grupo de convivencia estable saia, correspondéndolle ao profesorado que teña clase con ese grupo a última hora supervisar esta acción. Todo o alumnado transportado sairá pola porta que dá acceso á rúa da Galera.

- FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

Na planta baixa, no primeiro andar e na zona das aulas de infantil estará sinalizado o chan indicando a dirección da circulación para os desprazamentos e os sentidos de entrada e saída. Evitaranse os movementos innecesarios polo centro.

- NORMAS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS:

Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia o clases, así como as que exixan unha especial proximidade.

Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

- **NORMAS PARA O USO DAS AULAS:**

O alumando de EP terá diferenciado na súa mesa un estoxo no que garde o seu material de forma diferenciada. En 1º e 2º de EP os libros de texto viaxarán en función do horario ou das indicacións do profesorado titor. En 3º e 4º de EP cada alumno/a gardará os libros de texto no estante debaixo da súa mesa. En todos os niveis de EP o material relativo ás materias de música, plástica ou plástica bilingüe e inglés/francés quedará na escola gardada en cada aula de xeito independente nos casilleiros.

O alumnado de infantil poderá deixar o material co que estea traballando que terá gardado de xeito individual no lugar correspondente.

Non se compartirá ningún material sen a previa desinfección do mesmo, salvo en EI nos grupos colaborativos dun máximo de 5 alumno/as.

Nos grupos que se faga uso do encerado o material como xiz/rotulador será desinfectado despois de cada uso. Non se empregarán os percheiros. Cada alumno/a usará a súa cadeira para colocar a súa roupa e mochila.

No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo, o profesorado deberá desinfectar (con desinfectante e pano desbotable) as mesas e as cadeiras que usaron (tanto alumnado como profesorado) antes de abandonar a aula. A partir de 3º EP o alumnado colaborará, sempre que sexa posible, na desinfección da súa mesa e cadeira secando a solución desinfectante que bote o profesorado cun pano desbotable que tirarán á papeleira de pedal correspondente e botarán hidroalcohol nas mans. Ademais a aula será ventilada durante 15 minutos. Os docentes desinfectarán a mesa do/a mestre/a e o equipo informático antes e despois do seu uso, e procurará facer uso do seu propio material para o traballo na aula evitando compartir bolígrafos, xiz, etc. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan. As ventás, persianas, ordenador, etc. de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio. Cando o alumnado faga uso dun aula ou espazo deberá desinfectar as mans á entrada e saída

da mesma. Nos espazos usados por varios grupos o material de uso común debe desinfectarse antes e despois da súa utilización.

Priorizarase o uso de espazos exteriores.

- AFOROS:

A limitación de aforo para os baños será de 1 usuario, no caso da biblioteca o aforo será de 27, da Secretaría de 3 e da Sala de mestres/as: 10.

- USO DA BIBLIOTECA:

O aforo máximo será de 27 persoas. É obrigatorio o uso de xel hidroalcohólico e nas mans ANTES E DESPOIS do paso pola biblioteca. É obrigatorio o uso de máscara por parte de todo o profesorado e alumnado (agás EI que será altamente recomendable). Haberá que realizar a desinfección dos postos utilizados antes e despois do seu uso.

Serán as mestras e mestres os encargados de coller e efectuar os empréstitos e devolucións dos libros, previa consulta ao alumnado que non poderá achegarse aos andeis. Os libros devoltos permanecerán illados no moble de devolucións, no lugar marcado para cada día. Encargarase o equipo de biblioteca da súa colocación nos andeis non antes dun día.

O uso da biblioteca limitarase a asistencia ás titorías, sen mesturarse con outros grupos e no horario establecido previamente. As sesións correspondentes a cada grupo serán de 30 minutos para favorecer a posterior ventilación antes da seguinte sesión.

Mentres dure a situación actual de pandemia non se utilizarán xogos, cd's, tabletas, computadores, etc. agás o ordenador do profesorado que se desinfectará tamén antes e despois do seu uso.

Aplicanse na biblioteca as restantes normas do uso polo protocolo covid das restantes aulas.

- ASEOS:

O alumnado de infantil só usará o aseo da súa aula a excepción do alumnado desta etapa que teña apoio na aula de PT ou AL que, con supervisión e acompañamento, empregará o da planta superior, específico para o alumnado NEAE. Cando estean na aula de relixión poderán facer uso do aseo específico para EI. O alumnado de Primaria poderá facer uso dos aseos do primeiro andar durante o tempo lectivo, e dos da planta baixa no tempo de recreo (haberá profesorado de vixilancia) ou no caso de estar nunha das aulas da planta baixa. Non poderá haber máis dun alumno/a ao tempo. Para iso no corredor da primeira planta haberá un punto de espera no que só pode estar un/unha alumno/a. De estar ocupado este punto, deberán agardar a súa quenda na porta da súa aula. Só no caso de extrema necesidade o alumnado poderá facer uso dos baños do ximnasio e pavillón. O/a profesor/a responsable do grupo será o encargado de supervisar que o alumnado fai un uso individual deste espazo e que se mantén a hixiene de mans antes e despois do seu uso. Non poderán ir ao baño ao finalizar o recreo, deberán volver á aula e o profesor/a xestionará as quendas. O profesorado e persoal non docente poderá facer uso dos baños da planta baixa e do primeiro andar.

- RECREOS:

Ningún alumno/a así como docente comerá nin beberá no patio. A parva da mañá deberá tomarse na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia e desinfección de superficies.

QUENDAS DE RECREO EDUCACIÓN INFANTIL – CURSO 2020-2021

	PATIO EXTERIOR	XIMNASIO /ZONA HERBA
11:05-11:25	4º IA	4º IB
11:30-11:50	5º IA	5º IB
11:55-12:15	6º IA	6º IB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
4º IA	Carlota Rodríguez	Carlota Rodríguez	Lorena Cortés	Lorena Cortés	Lorena Cortés
4º IB	Mª José Tenreiro	Mª José Tenreiro	Sonia Romero	Sonia Romero	Sonia Romero
5º IA	Mª Dolores Varela	Mª Dolores Varela	Marina Rodríguez	Marina Rodríguez	Mª Dolores Varela
5º IB	Javier Bermúdez	Javier Bermúdez	Javier Bermúdez	Sonia Santaeugenia	Sonia Santaeugenia
6º IA	Pilar Castro	Pilar Castro	Dámaris Castro	Dámaris Castro	Pilar Castro
6º IB	Lidia Núñez	Lidia Núñez	José Manuel García	José Manuel García	José Manuel García

4º IA 4º IB	11:25-12:05	Parva e hora de ler	As titoras serán as encargadas das parvas e das horas de ler. Os especialistas substituirán en caso de <u>necesidade</u> , en función das horas lectivas <u>dispoñibles</u> .
5º IA 5º IB	11:15-11:30	Parva	
	11:50-12:05	Hora de ler	
6º IA 6º IB	11:15-11:50	Parva e hora de ler	

☐ QUENDAS DE RECREO DE PRIMARIA – CURSO 2020 – 2021

	PATIO INFERIOR		PATIO SUPERIOR/PAVILLÓN	
11:05-11:25	1ªA	1ªB	4ªA	4ªB
11:30-11:50	2ªA	2ªB	5ªA	5ªB
11:55-12:15	3ªA	3ªB	6ªA	6ªB

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º	Isabel <u>Bestilleiro</u>	<u>Esther</u> Pereira	Ana Souto	<u>Esther</u> Pereira	Ana Souto
2º	Mª <u>José Casás</u>	Engracia Tenreiro	Antonio Díaz	Engracia Tenreiro	Antonio Díaz
3º	Roberto Díaz	Remedios Fernández	Rosalía <u>Iglesias</u>	Remedios Fernández	Rosalía <u>Iglesias</u>
4º	<u>Lydia Seijo</u>	Fernando Fraga	<u>Lydia Seijo</u>	Fernando Fraga	Isabel <u>Bestilleiro</u>
5º	Mª Isabel Tomé	Mª <u>Carmen Cascallar</u>	Mª Isabel Tomé	Mª <u>Carmen Cascallar</u>	Mª <u>José Casás</u>
6º	<u>Hipólito Penas</u>	<u>Alejandra Villanueva</u>	<u>Hipólito Penas</u>	<u>Alejandra Villanueva</u>	Roberto Díaz
VIXILANCIA ASEOS	Mª del Mar Otero	Ana Belén Rodríguez	Mª del Mar Otero	<u>Ilenia Pérez</u>	Ana Belén Rodríguez

1º	11:25-12:05	Parva e hora de <u>ler</u>	As <u>titoras</u> serán as encargadas das parvas e das horas de <u>ler</u> .
4º			
2º	11:15-11:30	Parva	
5º	11:50-12:05	Hora de <u>ler</u>	Os especialistas substituirán en caso de <u>necesidade</u> , en función das horas lectivas <u>dispoñibles</u> .
3º	11:15-11:50	Parva e hora de <u>ler</u>	
6º			

- **COMEDOR:**

Este curso, grazas ao traballo desinteresado e voluntario da ANPA Eume contaremos co servizo de comedor. Podedes ver o protocolo remitido pola empresa responsable deste servizo nos anexos do Plan de adaptación ao contexto da Covid19 no curso 2020/21.

ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Está creado o Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021. Este equipo está formado pola directora do centro, que será substituída polo xefe de estudos, unha mestra de EI que será substituída pola secretaria do equipo directivo, e unha mestra de EP, que será substituída por un mestre de EP.

- **Determinación do espazo de illamento COVID:**

Aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas na antiga aula de recursos, convertida en aula de aillamento, mentres non se xestiona o seu traslado. O alumnado estará acompañado por un dos docentes que imparta docencia a dito alumno/a, preferiblemente o/a seu/súa titor/a. Abrirase a ventá deste espazo mentres a persoa está nese lugar, que contará con:

- Máscaras cirúrxicas para adultos e infantís.
- Máscaras FFP2
- Pantallas
- Batas desbotables
- Cubo para o lixo con pedal, tapa, bolsa de plástico e outras bolsas de plástico.
- Solución de xel hidroalcohólico
- Panos individuais desbotables

No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección. Antes da súa desinfección sinalizárase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixarase con ventilación constante.

- **Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.**

Os profesorado será o responsable de dar a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do alumnado. O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas da forma máis lúdica que sexa posible:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente, , e meticuloso das mans con auga

e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

1.Para o alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

2.Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.

- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.

- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ao tusir ou esburrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esburrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.
- Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia o clases, así como as que exixan unha especial proximidade.
- Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público

- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos. Cando exista na portaría ou na administración do centro un espazo no que se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura, porén realizarase previamente a correcta hixiene de mans. Para estes efectos existirá ao carón un dispensador de xel hidroalcohólico. Nos supostos nos que exista un dispositivo informático disposición do público xeral, cada usuario deberá realizar a hixiene de mans antes do seu uso.
- O uso de luvas limitarase ao persoal de limpeza e do comedor no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel.

Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e

lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que se respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

O profesorado desinfectará á entrada e saída nas aulas compartidas todas as mesas e cadeiras e material de uso común. O profesorado desinfectará o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira da aula que use unha vez rematada a clase para deixalo listo para o seguinte profesor/a. Usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.

Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible. Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento.

- [Xestión de abrochos](#): recollida no Plan de Continxencia.
- [Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo o recollido no Plan de Adaptación covid-19](#)

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINOPRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Dentro do PFPP e sempre en colaboración co CFR de Ferrol potenciaremos as actividades relacionadas coa docencia telemática. O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.

O coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC,

coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs. Durante as primeiras semanas de clase cada profesor/a de Primaria e de EI dentro das súas posibilidades familiarizará co funcionamento da súa aula virtual ao alumnado.

ATENCION AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS,MEDIANTE A REALIZACION DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESION (ampliado na PXA no Proxecto de Educación para a saúde e educación emocional)

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas. Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas. A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas. A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente. O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido. Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode

darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas. A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe. O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios. Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.